



MANIFESTO DE 'TIRE DIÉ' POR UN CINEMA NACIONAL, REALISTA E CRÍTICO, 1958¹

AO CHEGAR ÁS BEIRAS da cidade de Santa Fe, como en tantas outras cidades organizadas, a estatística tórnase incerta. Hai moitos -cantos?- demasiados ranchos nos que viven -como?- centos de familias satafesinas. Pasada a estación do Ferrocarril Mitre, ao remate da rúa General López, atópase unha destas barriadas, a do Tire Dié, espallada en ambos lados das vías que unen Santa Fe con Rosario e Bos Aires atravesando os baixos do Salado. Aquí foi filmado, con medios precarios, entre as catro e as cinco dunha tarde de primavera, verán, outono e inverno de 1956, 57, 58, o presente enquérito, mentres os pibes acoden para pedir moedas ao tren -"tire dié!... tire dié, diga..."- que, a paso de home, avanza por unha ponte de dous quilómetros de longo.

Con esta primeira experiencia, produto moral e técnico da vontade de facer dalgúns alumnos, o Instituto de Cinematografía da Universidad del Litoral agarda: 1) colaborar na medida das súas mozas forzas á superación da crise actual do cinema arxentino achegando ao mesmo unha problemática social e crítica, até o de agora inédita. 2) Afianzar as bases para unha futura industria cinematográfica local,

santafesina, de repercusión nacional, na medida que os alumnos se perfeccionen técnicamente coa periodicidade da aprendizaxe cotiá. A industria cinematográfica arxentina acadou unha técnica fotográfica e sonora case perfecta. As imperfeccións de fotografía e de son de Tire Dié débense aos medios non profesionais cos que se traballou forzados polas circunstancias, que ao obrigar a unha acción e a unha opción fixeron que se preferise un contido a unha técnica, un senso imperfecto a unha perfección sen sentido. 3) Empregar o cinema ao servizo da Universidade e a Universidade ao servizo da educación popular. Na súa acepción máis urxente esta educación popular vai entendida como a toma de conciencia, cada vez máis responsábel aos grandes temas e problemas nacionais, aquí e hoxe. Perante unha colectividade local e nacional na meirande parte indiferente ou, no mellor dos casos, enganada ou desengañada como a nosa, Tire Dié tenta axudar á formación desa conciencia social por medio da crítica social latente que nel se exercita. Esta actitude crítica poderá non ser a máis espectacular, mais si é auténtica, é tamén, sen dúbidas, das máis eficazmente construtivas. Coherente con tal posición crítica o documental cíñese a formular ou, dito máis obxectivamente, a amosar un de entre tantos problemas, mostra que se ben é só un primeiro paso non pode deixar de ser dado para seguir avanzando na solución do problema. Tire Dié, non dá esa solución, non quere dala, pois entende que calquera que dera sería parcial, excluínste, limitada: quere, en troques, que o público a dea, cada un dos espectadores, vostedes, buscando e atopando dentro de vostedes mesmos a que crean máis xusta. E levándoa inmediatamente fóra de vostedes mesmos, á práctica, conmovidos máis lúcidos. **Fernando Birri**

[1] No programa da primeira presentación de Tire Dié, Santa Fe, 27-IX-1958

FERNANDO BIRRI

TIRE DIÉ



Dirección:
Fernando Birri

Realización:
Alumnos do Instituto de
Cinematografía da Universidad
Nacional del Litoral

Produción:
Instituto de Cinematografía da
Universidad Nacional del
Litoral.

Guión:
Fernando Birri e alumnos

Fotografía:
Fernando Birri e alumnos

Montaxe:
Antonio Ripio

Son:
Mario Fezia

Asistente de dirección:
Manuel Horacio Giménez

Voces:
Francisco Petrone, María Rosa
Gallo

Locutor:
Guillermo Cervantes Luro

País: Arxentina

Duración: 35 min.

Ano
1959-60 (esta segunda ver-
sión, a primeira é de 1956-58)